



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A ASOCIACIÓN DOWN PONTEVEDRA "XUNTOS" PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DIRIXIDO A ACADAR UNHA MAIOR AUTONOMÍA DESTE COLECTIVO.

En Pontevedra, a 28 de outubro de 2013

REUNIDOS:

Dunha banda, don MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ LORES, con DNI nº [REDACTED] actuando en nome e representación do Concello de Pontevedra, no uso das facultades que se lle atribúen na súa condición de Alcalde - Presidente do mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/03 do 16 de decembro de medidas para a modernización do Goberno Local, así como o disposto na artigo 41 do Real D.L 2568/1986, do 28 de novembro polo que aprobábase o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Outra banda, don Manuel Pérez Cabo co NIF [REDACTED], como Presidente da asociación de Down Pontevedra "Xuntos" con CIF G-36164887, con domicilio na rúa Cobián Roffignac segundo 9, 2º Pontevedra, en nome e representación da mesma, tal e como acredita a acta de constitución da xunta directiva da asociación Down Pontevedra asinada polo seus membros en data 16 de maio de 2008.

*Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercizo das facultades que teñen conferidas na representación que ostentan

MANIFESTAN:

- I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con persoas tanto de dereito público como privado ao abeiro do disposto no artigo 88 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro.
- II. Que segundo os datos existentes nos rexistros dos servizos sociais municipais, no concello de Pontevedra existe un número importante de persoas coa síndrome de down que requiren servizos de apoio para a mellora da súa calidade de vida, co obxectivo de favorecer a inclusión destas persoas en tódolos ámbitos (escolar, familiar, social, laboral...).
- III. Que o Concello, como administración pública con competencias, ten que asegurar a execución de programas e proxectos destinados á prestación de servizos que satisfagan as necesidades deste colectivo de tal xeito que poidan disfrutar dos seus dereitos en condicións de igualdade real, co mais absoluto respecto a súa dignidade, podendo dar a cobertura mediante convenios de colaboración con entidades de iniciativa social de recoñecida solvencia.

- IV. Que a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 25.2.k atribúe aos concellos a prestación de servizos sociais e a promoción e reinserción social. E o artigo 20 de Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece que os concellos para a xestión dos seus intereses e no ámbitos das súas competencias, poderán promover toda clases de actividades e prestar tódolos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades dos cidadáns
- V. Que o Decreto 99/2012, de 16 de marzo que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento establece a necesidade de favorecer o mantemento dos vínculos familiares e comunitarios daqueles colectivos con problemáticas concretas.
- VI. Que a Asociación XUNTOS de Pontevedra é unha entidade sen ánimo de lucro inscrita no rexistro provincial de asociacións, coa finalidade de mellorar a calidade de vida das persoas con síndrome de Down, potenciando o pleno desenvolvemento das súas capacidades individuais, favorecendo a súa integración familiar, escolar, laboral e social
- VII. Que para poder traballar os procesos de integración e de inclusión social das persoas coa síndrome de down, precísanse de dispositivos especiais, programas e recursos que permitan acadar maiores niveis de atención e de integración social na comunidade.
- VIII. Entre os obxectivos fundacionais da asociación XUNTOS destacan o fomento da constitución da Asociación naqueles lugares onde non se cubra a atención das persoas coa Síndrome de Down, estimular a relación entre os seus membros, estudar e promover as disposicións legais que garantan os seus dereitos, etc
- IX. Que a asociación Down Pontevedra XUNTOS ademais de desenvolver actividades dirixidas á integración destas persoas presta apoio psicolóxico as familias das persoas con Síndrome de Down e fomenta aquelas políticas de discriminación positiva que promova a inserción a tódolos niveis da sociedade dirixindo as súas accións a difusión e mentalización da sociedade para a toma de coñecemento da necesidade de integración deste colectivo.
- X. Que se considera necesario polo Concello de Pontevedra a actividade que desenvolve esta asociación prestando atención especializada a estas persoas, como medio para contribuír ao seu desenvolvemento persoal e integración social.
- XI. Que ámbalas dúas partes consideran de particular importancia o establecemento de accións conxuntas en materia de inserción social destas persoas co fin de mellorar, na medida do posible, a problemática presentada por este colectivo no seu día a día no Concello de Pontevedra.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración coa asociación Down Pontevedra "XUNTOS" de Pontevedra para o desenvolvemento dos seus proxectos de inclusión educativa e de promoción da autonomía persoal con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o Concello de Pontevedra e a asociación Down Pontevedra XUNTOS para o desenvolvemento das actividades que teñen lugar nas instalacións que esta asociación ten no concello de Pontevedra, actualmente na rúa Cobian Roffignac, as cales van dirixidas inicialmente ao ámbito educacional, desenvolvemento lingüístico e posteriormente a vida adulta para conseguir unha maior autonomía en todos os ámbitos da súa vida.

SEGUNDA.- Obxectivos do programa "podemos"

O obxectivo do programa "*podemos*", no que o concello vai colaborar a través deste convenio de colaboración, é conseguir o desenvolvemento persoal e de integración social das persoas as cales a súa condición de Down lles impide, de xeito provisional ou definitiva, integrarse socialmente, convertíndose nun recurso de facilitación cara a autovalimento e a autonomía persoal.

De acordo co exposto os obxectivos do programa "*podemos*" será adquirir as habilidades necesarias para a inclusión social así como, promover e facilitar o desenvolvemento das habilidades lingüísticas receptivas e expresivas co fin de maximizar o potencial de comunicación das persoas coa Síndrome de Down e/ou outro tipo de discapacidade intelectual, para favorecer con isto a súa inclusión social.

Pódense determinar como obxectivos específicos os seguintes:

1. Adquirir habilidades de autonomía persoal no ámbito doméstico
2. Progresar na aceptación, colaboración e adquisición de comportamentos favorables relacionados coa hixiene do propio corpo e das súas pertenzas
3. Progresar na comprensión da propia sexualidade e a dos/as outros/as, favorecendo as relacións interpersonais e as actitudes de respecto de cara a sí mesmo e aos demais.
4. Facilitar a presenza, familiarización e dominio paulatino de diferentes espazos normalizados (salas de espectáculos, parques, instalacións deportivas...)
5. Favorecer o uso de tendas e locais comerciais para abastecerse de bens de consumo
6. Mellorar a linguaxe
7. Potenciar a utilización dos distintos medios de locomoción e transportes.
8. Etc

TERCEIRA.- Destinatarios

Os destinatarios do programa "*podemos*", que será financiado polo concello, serán directamente as 74 persoas coa Síndrome de Down e outro tipo de discapacidade intelectual, pertencentes a asociación da cidade de Pontevedra, e indirectamente as familias dos mesmos.

O convenio se manterá nas mesmas condicións subscritas sempre e cando o número de usuarios anual do municipio de Pontevedra, sexa igual ou superior ao 50 % das prazas cubertas.

CUARTA.- Recursos


Para o desenvolvemento do programa obxecto deste convenio, a asociación Down Pontevedra XUNTOS, contará cos seguintes recursos:

➤ **MATERIAIS:**

- Un local sito no momento da sinatura do convenio na rúa Cobian Roffinac, así como :
- Sistemas informáticos, equipos de música, equipos informáticos
- Diverso material didáctico de axuda ao ensino e a estimulación
- Sistemas PEC
- televisión, video, DVD

➤ **HUMANOS:** O persoal necesario para a prestación da actividades do centro que estará composto por:

- 1 Coordinadora da entidade en colaboración do equipo interdisciplinar da entidade
- 1 Psicólogo
- 4 Educadores Sociais
- 1 Traballadora Social
- Persoal de Limpeza
- 1 profesional de xestión administrativa



A asociación Down Pontevedra XUNTOS contará en cada momento co persoal axeitado para a prestación da súa programación polo que, ademais do persoal sinalado anteriormente, conta con persoal voluntario que colaborará nas labores complementarias.

O persoal contratado pola asociación Down Pontevedra XUNTOS para prestar os seus servizos serán traballadores da Asociación non tendo ningún tipo de relación contractual ou doutra índole co Concello de Pontevedra.

F. G. G.

QUINTA.- Orzamento

Para a desenvolvemento das actuacións sinaladas nas cláusulas anteriores o Concello de Pontevedra achegará, dos orzamentos municipais para o ano 2013 a contía de 9.000 €, que será actualizada anualmente conforme ao incremento do IPC rexistrado polo Instituto Galego de Estatística para o correspondente ano.

As achegas feitas polo Concello de Pontevedra serán destinadas a sufragar os gastos xenerados para o desenvolvemento da programa "podemos".

SEXTA.- Xustificación e Pago

A entidade presentará a xustificación de todos os gastos da actividade desenvolta no marco do convenio, referidos a cada período anual de vixencia.

A data límite para a presentación da xustificación será para cada anualidade a de 31 de outubro do exercicio correspondente, e deberá referirse aos gastos efectivamente realizados, segundo o parágrafo anterior, a esa data.

Os gastos realizados no periodo comprendido entre o 1 de novembro e 31 de decembro de cada exercicio poderán imputarse como gasto correspondente a anualidade inmediatamente posterior.

O Concello de Pontevedra realizará os pagamentos contra xustificación dos gastos realizados, mediante facturas, nóminas, etc, que deberán ser presentados pola asociación Down Pontevedra XUNTOS perante o concello.

Poderán efectuarse pagos parciais que se xustificarán do xeito previsto anteriormente.

A presentación da conta xustificativa fóra do prazo indicado constitúe unha infracción leve por incumprir as obrigas recollidas na normativa reguladora das subvencións públicas, que dará lugar á imposición das sancións legalmente previstas.

A falta de presentación de xustificación unha vez transcorridos os prazos salientados, dará lugar ao requirimento de xustificación por parte do concello, no prazo improrrogable de 15 días. A falta de presentación da xustificación en este novo prazo conlevará a perda da subvención polo que respecta ao período/anualidade non xustificada, pero manterá a vincencia ao respecto de períodos/anualidades posteriores.

O concello someterase á normativa vixente en materia de subvencións, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo R.D. 887/2006 do 21 de xuño e da Ordenanza Xeral Reguladora de Subvencións do Concello de Pontevedra. Segundo o establecido no artigo 5º da devandita Ordenanza, e tendo en conta que a actividade a financiar por este convenio é de especial interese público e social, a porcentaxe subvencionabel polo Concello poderá ser do 100% do custo da actividade, sen que en ningún momento supere a contía total prevista na cláusula cuarta do presente convenio.

SÉTIMA.- Modificación do convenio

Toda alteración das condicións previstas no convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

Ao abeiro do previsto na Ordenanza Xeral reguladora das subvencións no Concello de Pontevedra a asociación Down Pontevedra XUNTOS ten a obriga de presentar unha declaración de axudas ou subvencións concedidas para o mesmo fin que o estipulado neste convenio.

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100 % do custo da actividade a desenvolver.

OITAVA.- Comisión de seguimento.

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Pontevedra pola/o Concelleira/o Delegada/o da Área de Benestar Social ou persoa na que delegue, pola/a

Xefa/a de Servizo de Benestar Social e pola Xefa de Sección da Oficina Técnica de Benestar Social; e pola asociación Down Pontevedra XUNTOS o presidente ou persoa na que delegue, polo responsable do proxecto presentado.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.- Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.- Interpretar e resolver as dúbidas, que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

A devandita comisión reunirse no último trimestre do ano para avaliar o desenvolvemento do convenio, sen prexuízo de que durante o ano poidanse efectuar algunha supervisión polos técnicos da Oficina Técnica de Benestar Social do Concello.

NOVENA.- Causas de resolución.

Sen prexuízo das causas xerais de resolución dos contratos previstas no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2001, tamén serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao integro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

Por decisión unilateral do Concello por causas xustificadas, previa denuncia, en forma acreditada, cun prazo de antelación dun mes.

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas

DÉCIMA.- Publicidade, seguimento e colaboración.

A asociación Down Pontevedra XUNTOS obrígase a:

- a) Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice no desenvolvemento deste programa, a participación e colaboración do Concello de Pontevedra e o seu correspondente logotipo.
- b) Remitir anualmente ao Concello de Pontevedra un informe das actuacións levadas a cabo ó abeiro deste convenio.
- c) Informar aos servizos sociais da Concellería de Benestar Social do Concello de Pontevedra do desenvolvemento das actividades que se realicen, así como calquera variación ou outra circunstancia.
- d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral do Concello de Pontevedra, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

DÉCIMOPRIMEIRA.- Relación laboral

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio co Concello de Pontevedra, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á Concello de Pontevedra responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

A asociación quedará obrigada a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e fiscais.

DECIMOSEGUNDA.- Réxime xurídico.

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 4 do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público e demais normativa de aplicación en materia de contratos.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ao Concello de Pontevedra as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar.

As lagoas ou controversias que xurdidas na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente pola Administración municipal, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula oitava contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, resolveranse no ámbito xurisdiccional contencioso administrativo.


DECIMOTERCEIRA.- Duración.

O presente convenio terá unha vixencia de 4 anos a partir do 1 de xaneiro do ano 2013, entendéndose prorrogado por períodos anuais ata un máximo de 6 anos, salvo denuncia das partes.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por triplicado exemplar, no lugar e data indicados na cabeceira.


Asdo: Miguel Anxo Fernández Lores

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE
SINDROME DE DOWN PONTEVEDRA
XUNTOS


Asdo: Manuel Pérez Cabo